En caso de empate, o desempate realizarase en primeiro lugar, a favor da persoa que obtivera unha maior puntuación na fase de oposición; no caso de persistir o empate, este dirimirase a favor daquela persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver, primeiro valorando a adquirida na administración pública e logo a da empresa privada e se persite o empate este dirimirase en base as acción formativas e por último se fose necesario farase un sorteo público.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

**9.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

Visto os resultados das probas, realizadas as valoracións o órgano de selección formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados e formulará a correspondente proposta de contratación das persoas candidatos remitíndose a mesma, á Alcaldía. A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello. Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.

**10.- ACHEGA DE DOCUMENTOS**

Os/as aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría do Concello nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Copia autenticada do DNI.
b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
d) Copia tarxeta sanitaria e certificado do número de conta.

**11.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Os aspirantes propostos polo Tribunal e unha vez comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato temporal por circunstancias da producción, de duración determinada, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

**12.-CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.-**A bolsa de emprego estará integrada polas persoas aspirantes que superen o proceso selectivo e terá a función de proceder á contratación/nomeamento do personal que a integre cando se produza algunha das circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP, nos artigos 23 e 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia ou no artigo 15 do ET.

**13.-FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO:**

1º.-A bolsa de emprego estará formada pola relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, organizada por orde decrecente da puntuación total obtida por cada un no citado proceso, tal e como foi aprobada por Resolución da Alcaldía.

2º.-Sempre que resulte necesaria a contratación ou nomeamento dun psicólgo/a segundo o previsto nestas bases, procederase a chamar ás persoas integrantes da bolsa de emprego. A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou parcial, dependendo das necesidades do servizo. Informarase das condicións no momento do chamamento.

3º.-Os chamamentos efecturaranse pola orde na que os/as aspirantes figuran na bolsa e polo medio mais urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Isto requerirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos de contacto necesarios debidamente actualizados (especialmente, correo electrónico e teléfono)

Nos supostos nos que o chamamento fose de urxencia, polas circunstancias concorrentes ou para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, e estea esta circunstancia debidamente acreditada, poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, a/o empregada/o pública/o que a realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así como o sentido desta. Se algunha persoa candidata non contesta seguirase chamando aos seguintes da listaxe coa finalidade de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que se durante esa xornada a persoa coa que non se deu contactado anteriormente se pon en contacto co Concello de Chantada, manterá o dereito a ser contratada en primeiro lugar.

A aceptación do chamamento deberá efectuarse antes das 12:00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento, podendo ter lugar, tamén, por vía telefónica.

Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase que se rexeita a oferta.

4º. A renuncia a unha oferta de emprego con motivo xustificado non suporá cambio na orde da persoa candidata na Bolsa de Emprego. A renuncia a tres ofertas sen xustificar será causa de colocación no derradeiro lugar da Bolsa de Emprego durante 6 meses.

Considerarase como causa xustificada para a renuncia ao chamamento:

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

a) Estar en período de descanso paternal ou maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou libro de familia

b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.

c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, acreditado por certificado médico.

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte ao da comunicación do chamamento efectuado polo Concello de Chantada.

5º. A persoa que acepte o chamamento, terá que presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos correspondentes do xeito establecido na base seguinte.

6º. Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da bolsa de traballo, e comprobado que cumpre os requisitos para a contratación ou nomeamento, realizados os trámites administrativos oportunos, o Sr. Alcalde, por Resolución de Alcaldía, procederá ao seu nomeamento/contratación para o desempeño do traballo correspondente.

7º. En ningún caso, se adquirirá fixeza a través das contratacións que se produzan por chamamentos da Bolsa de Emprego.

8º. A bolsa de traballo extinguirase unha vez que transcorreran tres anos a contar desde a data da Resolución da Alcaldía que aprobou a relación e orde de prelación dos integrantes dela, ou por derrogación expresa por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por un ano máis, a cal deberá ser acordada por Resolución de Alcaldía antes de finalizar o período inicial de duración da bolsa.

9º. Poderá non utilizarse esta bolsa de emprego cando a aplicación dunha norma de rango legal ou regulamentario impoña a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes os destas bases.

**14.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.**

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o dia seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.
- Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE

D./Dª ______________________________________________________, con DNI núm. _______________________, número de teléfono ____________________, con domicilio a estos efectos en___________________________________________________________
_______________________________________________________________________,e enderezo de correo electrónico ____________________________________, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral mediante contrato temporal por circunstancias da produción, unha praza sinalada con unha (X):

☐ PSICOLOGA/O

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada na clausula cuarta das bases, e que si sinala cun (X):

☐ Fotocopia do D.N.I. Pasaporte, permiso de conducir, tarxeta de residencia ou

calquera outro documento en vigor que acredite a sua identidade.

☐ Acreditación da titulación académica esixida.

☐ Fotocopia do permiso de conducir en vigor

☐ Documento acreditativo do Celga 4. (farase proba escrita no caso de carecer del)

☐ Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). (Vida laboral)

☐ Certificado negativo de delitos sexuais de acordó co disposto no artigo 135 na Lei

Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro de Protección xurídica do Menor, de Modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

En ______________________, a _____ de ____________ de 2023,

O/A Solicitante

Asdo. ___________________________

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

ANEXO II - MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dª _______________________________________________________, con DNI núm. _______________________, número de teléfono _____________________, con domicilio a estes efectos en ____________________________________________________________________________________________________________ _______________,e dirección de correo electrónico __________________________________________________,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo convocado, ao abeiro da Orde do 19 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, para a praza de:

☐ PSICOLOGO/A

e, no seu caso, para os efectos da formalización do correspondente contrato de traballo:

Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ser sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En ______________________, a _____ de ____________ de 2023,

O/A Solicitante

Asdo. ___________________________

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

ANEXO III – TEMARIO

1.-A Constitución española do 1978. Estrutura. Preámbulo, Título preliminar. Capítulo I, dereitos e liberdades.

2.-Organización territorial do estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.

3.-Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemeto Administrativo Común das Administracións Púbilcas

4.-Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

5.-O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadroamento.

6.-O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.

7.-O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.

8.-A comarca de Chantada. Demografía, territorio, características socioeconómicas.

9.-A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

10.-Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

11.-Lei 39/2016 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia.

12.-Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: obxecto, natureza e dereitos e deberes das persoas usuarias.

13.-Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia.

14.-Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

15. Diversidade funcional. Tipoloxía. Recoñecemento do grao de discapacidade. Recursos orientados á prevención e ao tratamento

16.- Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Técnicas de entrevista.

17.- A coordinación profesional na intervención en atención temperá: familia, escola, sanidade.

18.- Libro branco de Atención Temperá.

19 -Axenda de Atención temperá 2015-2017 Xunta de Galicia.

20.-A prevención en atención temperá. Niveles e actuacións.

21.-Decreto Rede Galega de atención temperá.

22.-DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

23.-DECRETO 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

24.-DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

25.-Resolución de 25 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios comúns, recomendacións e condicións mínimas dos plans de atención integral a menores de tres anos en situación de dependencia ou en risco de desenvolvela e avaliación anual correspondente ao exercicio 2012 dos resultados de aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Chantada, 7 de decembro de 2023.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 3870

## LOURENZÁ

*Anuncio*

O Concello Pleno, na sesión extraordinaria celebrada o pasado día 10 de novembro de 2023, aprobou, con carácter inicial, o Orzamento Xeral da Corporación xunto coa plantilla do persoal, as bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ao expediente, para o exercicio económico 2023.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

O devandito expediente permaneceu exposto ao público durante quince días hábiles, trala publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 265 do 18 de novembro de 2023. Non presentándose reclamacións ou alegacións ao mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 20.3 do referido R.D. 500/90 e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a aprobación definitiva do expediente de Orzamento Xeral do Concello de Concello de Lourenzá para exercicio 2023, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

| **GASTOS 2023** | | |
|---|---|---|
| **CAP.** | **DESCRIPCIÓN** | **CONSIGNACIÓN EUROS.** |
| 1 | Gastos de Personal | 1.502.071,52 |
| 2 | Gastos Corrientes en Bienes y Servicios | 793.547,65 |
| 3 | Gastos Financieros | 5.000,00 |
| 4 | Transferencias Corrientes | 300.224,30 |
| | **TOTAL OPERACIONES CORRIENTES** | **2.600.843,47** |
| 6 | Inversiones Reales | 468.592,86 |
| 7 | Transferencias de Capital | 177.090,00 |
| 8 | Activos Financieros | 0,00 |
| 9 | Pasivos Financieros | 17.500,00 |
| | **TOTAL OPERACIONES CAPITAL** | **663.182,86** |
| | **TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS** | **3.264.026,33** |

| **INGRESOS 2023** | | |
|---|---|---|
| **CAP.** | **DESCRIPCIÓN** | **CONSIGNACIÓN EUROS** |
| 1 | Impuestos Directos | 638.000,00 |
| 2 | Impuestos Indirectos | 40.000,00 |
| 3 | Tasas, Precios Públicos y otros Ingresos | 225.200,00 |
| 4 | Transferencias Corrientes | 1.703.376,92 |
| 5 | Ingresos Patrimoniales | 15.800,00 |
| | **TOTAL OPERACIONES CORRIENTES** | **2.622.376,92** |
| 6 | Enajenación de Inversiones Reales | 200,00 |
| 7 | Transferencias de Capital | 641.468,56 |
| 8 | Activos Financieros | 0,00 |

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| 9 | Pasivos Financieros | 0,00 |
| | **TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL** | **641.668,56** |
| | **TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS** | **3.264.045,48** |

Asimesmo e de conformidadeco establecido no artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, publícase o anexo relativo a Plantilla do Persoal aprobada para o exercicio 2023:

**PLANTILLA ORGANICA DO PERSOAL**

| **1.-ÁREA FUNCIONAL DE SERVIZO SECRETARÍA E SERVIZOS ECONÓMICOS** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **POSTO** | **DOT.** | **GR/SUBG.** | **ESC/SUB** | **PRAZA** |
| SECRETARÍA-INTERVENCIÓN | 1 | A1/A2 | FHN/SI | Secre.-Interventor |
| AXENTE EMPREGO, DESENVOLVEMENTO LOCAL E XESTIÓN ADMINISTRATIVA | 1 | A2 | AX/X | Técnico Xestión |
| RESPONSABLE XESTIÓN ADMTVA.ASUNTOS ECONOMICOS, CONTRABILIDADE, PADRÓN E CENSO ELECTORAL | 1 | A2/C1 | AX/X/ADM | Técnico Xestiónou Administrativo |
| ADMINISTRATIVO /A DE TESOURERÍA “A EXTINGUIR” | | C1 | AX/ADM. | Administrativo |
| RESPONSABLE XESTIÓN ADMINISTRATIVA ASUNTOS SECRETARÍA, CONTRATACIÓN E SUBVENCIÓNS | | A2/C1 | AX/X/ADM | Técnico Xestiónou Administrativo |
| RESPONSABLE REXISTRO, ATENCIÓN CIDADÁ E PUBLICIDADE INSTITUCIONAL | | C1/C2 | AX/ADM.AUX. | Administrativo ou Auxiliar |
| ADMINISTRATIVO/A | | C1 | AX/ADM. | Administrativo |
| **2.-ÁREA FUNCIONAL DE SERVIZOS SOCIAIS , BENESTAR , SANIDADE E AXUDA NO FOGAR** | | | | |
| PSICÓLOGO/A | 1 | A1 | AE/T-S | Psicólogo |
| XEFE/A UNIDADE SERVIZOS SOCIAS E AXUDA NO FOGAR | 1 | A2 | AE/T-M | Traballlador Social |
| XEFE/A UNIDADE SERVIZOS SOCIAS E AXUDA NO FOGAR “ A EXTINGUIR” | 1 | A2 | | Traballador Social |
| AUXILIAR AXUDA NO FOGAR | 12 | C2/AP | AE/SE-PO-AXD | Auxiliar Axuda no Fogar |
| **3.-ÁREA FUNCIONAL DE CULTURA, TURISMO E FESTEXOS** | | | | |
| TÉCNICO/A CULTURA E FESTEXOS | 1 | A1 | AE/SE-CE | Técnico Cultura e Festexos |

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| TÉCNICO/A CULTURA E FESTEXOS “A EXTINGUIR” | 1 | A1 | | Técnico Cultura e Festexos |
| TÉCNICO/A SUPERIOR DE TURISMO | 1 | B | AE/T-A | Técnico Superior de Turismo |
| **4.-ÁREA FUNCIONAL DE EDUCACIÓN, XUVENTUDE E DEPORTE** | | | | |
| TÉCNICO/A DEPORTIVO/A | 1 | A1 | AE/T-S | Técnico Deportivo |
| TÉCNICO/A DEPORTIVO/A “A EXTINGUIR” | 1 | A1 | AE/T-S | Técnico Deportivo |
| **4.1.- UNIDADE ATENCIÓN INFANCIA** | | | | |
| DIRECTOR/A PUNTO ATENCIÓN Á INFANCIA | 1 | A2 | AE/T-M | Mestre Educación Infantil |
| MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL | 3 | A2 | AE/T-M | Mestre Educación Infantil |
| ARQUITECTO/A | 1 | A1 | AE/T-S | Arquitecto |
| TÉCNICO SUPERIOR ELECTRICIDADE E ELECTRÓCNICA,OFICIOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A | 1 | B | AE/T-A | Técnico Superior Electricidade e Electrónica |
| **5.1.- BRIGADA OBRAS E SERVIZOS** | | | | |
| ENCARGADO / A BRIGADA OBRAS E SERVIZOS | 1 | C2/AP | AE/SE-PO-OF-OP | Oficial/Operario |
| CONSERXE, OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES, CONDUTOR/A | 3 | AP | AE/SE/PO-OP | Conserxe, Operario servizosmútliples, condutor |
| OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A | 2 | AP | AE/SE/PO-OP | Operario servizosmútliples,maquinista, condutor |
| OPERARIO/A LIMPADOR/A | 2 | AP | AE/SE/PO-OP | Operario Limpador |

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos procedentes, significándose que contra a aprobación definitiva do mesmo, e a tenor do establecido no artigo 171.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen nas normas da devandita xurisdición.

Lourenzá, 13 de decembro de 2023.- Alcaldesa – Presidenta, Rocío López García.

R. 3895

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

## OUROL

*Anuncio*

O Sr. Alcalde-Presidente asinou o Decreto nº 2023-0385, de data sete de decembro, que literalmente di:

**DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.**

En exercicio das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e a Disposición Adicional 2ª parágrafo 9º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, RESOLVO:

**PRIMEIRO.**- Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes atribucións:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

A devandita delegación comprende as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

**SEGUNDO:** A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**TERCEIRO:** Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que mando e asino en Ourol.- O Alcalde-Presidente.- A Secretaria-Interventora.

Ourol, sete de decembro de dous mil vinte e tres.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3871

## POL

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 5de decembro de 2023, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de novembro de 2023, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 5 de decembro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3872

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

## RIBEIRA DE PIQUÍN

*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 21/2023- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 15.000,00 € (Quince mil euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 265, de data 18/11/2023), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

**PARTIDAS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA**

| Partida | Denominación | Crédito definitivo antes da modificación | Importe baixa | Crédito definitivo despois da modificación |
|---|---|---|---|---|
| 920.120 | Administración Xeral. Persoal funcionario. Retribucións básicas. | 34.610,75 € | 9.000,00 € | 25.610,75 € |
| 920.121 | Administración Xeral. Persoal funcionario. Retribucións complementarias. | 33.069,28 € | 6.000,00 € | 27.069,28 € |
| | | | **Total 15.000,00 €** | |

**PARTIDAS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO**

| Partida | Denominación | Crédito definitivo antes da modificación | Importe alta | Crédito definitivo despois da modificación |
|---|---|---|---|---|
| 172.221 | Protección e mellora do medioambiente. Gastos correntes en bens e servizos. Subministros. | 115.490,49 € | 15.000,00 € | 130.490,49 € |
| | | | **Total 15.000,00 €** | |

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de créditos núm. 21/2023 no orzamento para o ano 2023, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 por remisión do art. 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

Ribeira de Piquín, 13 de decembro de 2023.- O Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 3896

## SAMOS

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DE VAOS DO ANO 2023**

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 05/12/2023 aprobou inicialmente o padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadoría de calquera clase, correspondente ao exercicio 2023, que estará exposto ao público por prazo de 15 día hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P. para exame polos interesados.

**RECURSOS:** Contra o acordo de aprobación poderá interporse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón ante a Xunta de Goberno Local.

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

**ANUNCIO DE COBRANZA:** Fíxase o período de cobro en voluntaria dende o 1 ao 31 de xaneiro de 2024, ámbolos dous inclusive. Vencidos ditos prazos, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A presente publicación, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Samos, 5 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, Mª Jesús López López.

R. 3873

---

*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 05.12.2023, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **NOVEMBRO/2023**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco dias, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 5 de decembrode 2023.- ALCALDESA PRESIDENTA, Dª María Jesús López López.

R. 3874

---

## SARRIA

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión celebrada o día 26-10/2023, acordou aprobar inicialmente a Relación de posto de traballo para o Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme e a modificación do anexo e plantilla de persoal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, publicándose anuncio de exposición pública no Boletín Oficial de Provincia de Lugo número 252 de data 3 de novembro de 2023 por un plazo de 20 días.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia e no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e non constando alegacións presentadas, a aprobación inicial da modificación da RPT e da modificación da plantilla e anexo de persoal elévanse a definitivas.

De conformidade co establecido no artigo 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese á publicación íntegra da mencionada relación de postos de traballo, a cal se poderá consultar no Portal de Transparencia da Sede Electrónica do Concello de Sarria, no seguinte enlace: https://sarria.sedelectronica.es/transparency/01a446f9-45f1-4416-9b5f-908c7120d0cc/

Sarria, 7 de decembro de 2023.- O Alcalde de Sarria, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3875

---

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

## VILALBA

*Anuncio*

**Procedemento: Pleno organizativo.**

**Expediente número: 3075/2023**

**Asunto: Acordo adoptado polo Pleno do 30 de novembro do 2023, ao respecto da modificación do acordo plenario do 26 de xullo do 2023, relativo aos representantes municipais en órganos colexiados.**

Constituída a nova Corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 26 de maio, procede nomear aos representantes do concello nos órganos colexiados, de conformidade co disposto no artigo 38 apartado c) do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Visto que en data do 11 de outubro do 2023 resultou electa alcaldesa da Corporación Dona Marta María Rouco Seoane, logo da renuncia da anterior alcaldesa, Dona María Elba Veleiro Fernández en data do 2 de outubro do 2023. Todo elo, de conformidade co disposto no artigo 40.5 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que indica que ante a eventualidade da vacante a Alcaldía por renuncia do seu titular, a sesión extraordinaria para a elección dun novo Alcalde celebrarase, cos requisitos establecidos na lexislación electoral, o que nos remite ao disposto no artigo 196 da citada Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

En vista do anterior considerase preciso proceder á modificación do acordo plenario acadado en data do 26 de xullo, en sesión organizativ,a relativa aos representantes municipais en órganos colexiados, co gallo de dar cumprimento ao disposto no artigo 38 apartado c) do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

En base ao anteriormente exposto, e logo do informe favorable da comisión informativa de asuntos do pleno, o Pleno, pola unanimidade das/os asistentes (16), acorda o que segue:

**PRIMEIRO.** Modificar o punto uncédimo do acordo plenario anexo, designando coma membro do *"Padroado da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba-Terra Chá"*, en representación do Concello de Vilalba, a Dona Marta María Rouco Seoane, modificando o seu posto anterior no padroado, pasando de ser vicepresidenta, a presidenta do padroado da Fundación.

**SEGUNDO.** Modificar o punto uncédimo do acordo plenario de referencia, designando coma membro do *"Padroado da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba-Terra Chá",* en representación do Concello de Vilalba, a Dona Paula Vigo Lamas, que exercerá coma vicepresidenta da Fundación, en ausencia dunha concellería delegada en servizos sociais, en tanto a referida área recae directamente na responsabilidade do órgano de alcaldía.

**TERCEIRO.** Manter os restantes membros do padroado da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba-Terra Chá nomeados en sesión plenaria do 26 de xullo do 2023, co tenor literal do certificado 2023-0451 adxunto ao presente acordo.

**CUARTO.** Modificar o punto dispositivo duodécimo do acordo plenario acadado en sesión organizativa, designando como representante do Concello á señora alcaldesa, Dona Marta María Rouco Seoane, nos seguintes órganos: *"Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá"*, con CIF G27383496; *e "Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar"*, con número de identificación A12009463.

**QUINTO.** Notificar o presente acordo aos terceiros afectados xunto co réxime de recursos en vía administrativa, e contencioso administrativa, así coma comunicar o presente acordo plenario ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar através do sistema integrado de rexistro.

**SEXTO.** Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así coma na sede electrónica da Corporación municipal.

Vilalba, 7 de decembro de 2023.- A alcaldesa, Marta M.ª Rouco Seoane.

R. 3876

## CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECEMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobada a transferencia de crédito 2/2023 entre diferentes áreas de gasto, aprobada inicialmente por acordo do Consello Reitor do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga en alta aos Concellos de Cervo e Burela de 30 de outubro de 2023, elevado

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)

automáticamente a definitivo ó non terse presentado reclamacións e, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o resumo da correspondente transferencia de crédito entre as diferentes áreas de gasto:

**Altas en aplicacións de gastos**

| Aplicación Orzamentaria | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 920 | 227.99 | Concesión servizo explotación rede abastecemento auga | 123.000 |
| | | TOTAL GASTOS | 123.000 |

**Baixa en aplicacións de gastos**

| Aplicación Orzamentaria | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|
| 011 | 310.00 | Intereses préstamos | 30.000 |
| 011 | 913.00 | Amort. Préstamos | 93.000 |
| | | TOTAL GASTOS | 123.000 |

Cervo, 11 de decembro de 2023.- A Presidenta, Teresa María Gutiérrez López.

R. 3894

Anuncio publicado en: Num BOP 285 año 2023 (14/12/2023 08:00:00)